

Equipo: ..... Data: .....

	<b>2</b> <b>Foinos xenial porque...</b>	<b>1.5</b> <b>Fixémolo ben porque...</b>	<b>1</b> <b>Custounos un pouco porque...</b>	<b>0.5</b> <b>Debemos mellorar porque...</b>
<b>Na participación e colaboración</b>	Todo o equipo participou activamente e colaboramos axudando a outras persoas.	Todo o equipo participou pero non axudamos a outras persoas porque nos centramos no noso traballo.	A metade dos membros do equipo participaron activamente.	Só traballou un membro do equipo e as outras persoas integrantes do grupo non colaboraron nin axudaron.
<b>O clima de traballo</b>	Foi motivador e respectuoso, sen conflitos dentro do grupo.	Foi agradable aínda que existiron pequenos conflitos que se resolveron inmediatamente.	Foi pouco motivador porque houbo conflitos frecuentes que afectaban ao traballo e que se solucionaron con axuda.	Foi conflictivo porque houbo moitos problemas que afectaron o traballo.
<b>Na posta en común de ideas</b>	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas. Respectáronse as opinións e argumentouse o rexeitamento de propostas.	Tódalas persoas do grupo fixemos achegas para completar as tarefas, pero algunhas das propostas rexeitáronse sen razoamento.	A metade do grupo fixo achegas ideas e propuxo ideas e solucións para acadar as tarefas.	Só un membro do equipo achegou ideas, o resto das persoas non levaron propostas ao debate.
<b>Para o seguimento do traballo</b>	Fixemos debates e analizamos os resultados do traballo para recoller propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, e debatemos os resultados, pero non houbo propostas de mellora.	Analizamos os resultados do traballo, pero sen debates nin propostas de mellora.	Non fixemos a valoración do traballo nin debatemos os resultados.
<b>A autonomía</b>	Foi plena xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda, incluso axudamos a outros grupos a organizarse.	Foi adecuada xa que organizamos o funcionamento do grupo sen axuda.	Foi moderada xa que tivemos que solicitar axuda para organizar o traballo ao inicio, pero logo o equipo traballou con autonomía.	Foi escasa xa que solicitamos axuda en varias ocasións para organizar o traballo.
<b>Suma de puntos</b>				

“Rúbrica de avaliación do traballo en equipo. Saltando barreiras”